

Amigas e amigos, queridos veciños de Padrón.

Co noso agradecemento a vostedes pola súa asistencia, Edicións A Nosa Terra apresetálles esta viaxe *Viaxe á Terra de Iria*, esta viaxe ao país de Rosalía de Castro, da que é autor o escritor Anxo Angueira. Este libro tan fermoso e no que o idioma galego dásenos esplendente na súa escrita oferecese-nos como unha viaxe ás terras que conteñen o Meda, o Ulla de Erbón e Carcacía, o Cesures mariñeiro Padrón, Laíño, Valga, Rois, Iria, o San Martiño, ás vivencias coas que o noso autor, da man de amigos e dun fardel de de soidades que habitan a realidade á procura das pegadas dos homes e mulleres que antes de nós habitaron esta mesma terra, que a humanizaron, que a construíron amantiña, que xunguidas polo Ulla ou o Meda, alta e sagrada serra a ollar o Atlántico a arder e que nos trae nomes como Urdilde, Medelas, Seira, Oín, Buxán, Herbón, Manselle, Laíño, Lomba, Cernadas, Dodro, Lestrove, nomes míticos ou sagrados ou simplemente fermosamente galegos, Anxo Angueira no seu narrar leva nos con palabras cheas de verdade, cheas de fulgor, a percorrer a paisaxe para nola dizer amorosa con palabras cheas de cálida e fermosa literatura. Cando encarguei a Anxo Angueira a escrita dun libro de viaxes pola propia terra era para que na súa escrita nos dese o mellor dun fillo das terras de Iria, e creo qe está plenamente conseguido: fixo un libro coa proximidade humana e a tensión literaria do grande escritor que é. Neste libro o noso autor lévanos á redescuberta das terras de Padrón, Cesures, Valga, Rois e cada aldea e camiño. Este libro, que segue ao xa publicado de Lois Diéguez, Martínez Oca e por Fernández Naval e Xulio Valcárcel, forma parte dunha colección de viaxes de Edicións A Nosa Terra, unha vella ilusión editorial que, libro a libro, vai sendo xa unha feliz realidade. No deseño dos contidos da colección pensei na extensa e fértil serie de escritores viaxeiros ao longo da historia e que a min faloron de países estraños e fermosos en fermosos libros: si Flaubert me levou ao oriente nunha súa viaxe iniciática e en Exipto e Líbano e Grecia atopa a súa forma literaria cunha correspondencia que lle mudaría o seu xeito de narrar; se Chateaubriand me levou de París a Xerusalén nunha viaxe iniciática de poeta de peregrino como a viaxe interior que era dun romántico e fiquei revivindo imaxes de Grecia eterna baixo o imperio otomano; como Pier Loti a Marrocos ou Kipling ao Xapón; así Egeria na súa viaxe a Terra Santa; así Don Ramón Otero Pedraio, que me levou de Ourense a San Andrés de Teixido como viaxe ao propio centro do ser porque, en palabras súas, non hai contentamento semellante ao que dá a unha alma galega a longa e pura intimidade coa terra e coa xente de Galiza; si Cunqueiro nos levou por toda a Galiza cun seu relatar breve cunha serie xornalística *El viajero en Galicia*, fotografías como pequenos lóstregos das xeografías e as xentes do noso país, quixen, cos meus compañeiros da equipa editorial, facer unha colección de viaxes feitas por escritores e escritoras galegas sobre Galiza, sobre os territorios fundamentalmente da infancia e adolescencia do escritor ou vivenciados de tal xeito vencellados á propia biografía emocional que fosen asumidos como territorios míticos persoais como viaxes ao propio interior, ao centro de gravidade do noso ser, pensamos nun libro de viaxes onde, sobre todo e por riba de todo, primara a literatura, o xeito literario de narrar na descrición das paisaxes, no relato da historia do patrimonio cultural tan fértil na nosa nación na relación humana.

Outro dos parámetros foi o de coller unha bisbarra ou comarca ou “Terra de...” e facer con varios concellos un percorrido con entidade cultural e histórica propia: a

Terra De Lemos de Lois Dieguez, Ferrolterra de Xavier Alcalá, a Terra do Incio de Marica Campos, as Terras Do Deza de Xavier Navaza, a Terra de Tabeiron de Martínez Oca, a Terra de Monterroso de Xulio Valcarcel, a Terra do Barbanza de Anton Ribeiro Coello, etc, etc, porque en definitiva foron terras de unidades territoriais con historias diferenciadas na historia de Galiza porque tamén é un xeito editorial de axudar a conformar os territorios históricos como territorios literarios, como ben nos ten demostrado coa Terra Cha o poeta Manuel María ou o Caurel Uxío Novoneira. Foi intención nosa na equipa editora á hora de lle dar forma ao proxecto editorial tratar con infografía as fotografías neste libro da autoría de Maribel Longueira para lle dar un ar de pintura de acuarela antiga, aportarlle un certo ar de intemporalidade para así sacar a viaxe actual do tempo concreto no que foi feita.

Para nos presentar ao autor do libro está con nós e Xosé Luís Méndez Ferrín: poucas e timidas palabras saen cando un fala dun mestre que sempre deu á historia da literatura do noso país o libro que necesitaba para facer máis certo o noso horizonte humano como povo.